

**Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS**


**SUMARIO:**

*CORRECCIÓN de erros. Orde do 23 de marzo de 2013 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de inspectores de educación e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira do corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia.*

**TEXTO:**

Advertido erro na orde indicada, publicada no Diario Oficial de Galicia número 65, do 4 de abril de 2013, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 9874, epígrafe 3.8, onde di:

«Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame, logo de xustificación documental:

- a) Persoas con minusvalidez igual ou superior ao 33%
- b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%
- c) Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, o mes anterior á data de convocatoria de probas selectivas de persoal convocadas para a selección de persoal da comunidade autónoma en que soliciten a súa participación. Serán requisitos para o gozo da exención que, no prazo do que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional»

Debe decir:

« Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame, logo de xustificación documental:

- a) Persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%
- b) Persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial

Aplicarase unha bonificación do 50% a inscrición solicitada por:

- a) Persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral
- b) Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes á data da convocatoria de probas selectivas de persoal nas que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego ».

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2013

INSÍRASE NO DOG

O SECRETARIO XERAL